FEDERACIÓN GALEGA DE NATACIÓN
Avenida de Glasgow, 13
CP 15008 - A Coruña
www.fegan.org - info@fegan.org

LIGA GALEGA DE WÁTER-POLO

Tempada 2011 – 2012. Circular 11-37.

Establécense as seguintes competicións:

LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA (sen límites de idade).

LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA (sen límites de idade).

LIGA GALEGA DE 2ª DIVISIÓN (sen límites de idade e mixto).

LIGA GALEGA CADETE (nacidos/as no ano 1996 e posteriores).

LIGA GALEGA INFANTIL (nacidos/as no ano 1998 e posteriores).

LIGA GALEGA ALEVÍN (nacidos/as no ano 2000 e posteriores).

1.- INSCRICIÓNS.

1.1.- A participación está aberta a todos os clubes afiliados á FEGAN con licenzas en vigor e que se inscriban no prazo establecido.

1.2- Todos os equipos deberán inscribirse na sede da FEGAN antes do de , xa que o efectuarase o sorteo de emparellamentos fixando o calendario cos equipos inscritos. Debendo presentar o modelo do ANEXO 1, antes do . A non cumprimentación da inscrición nos prazos establecidos, suporá a non participación no Campionato de Liga.

1.3.- Inscrición na LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas.

1.4.- Inscrición na LIGA GALEGA ABSOLUTA FEMININA: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un clube que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 1.3. ao 1.5, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.5.- Inscrición de filiais na LIGA GALEGA ABSOLUTA 2ª DIVISIÓN: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un clube que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.6.- Inscrición na LIGA GALEGA CADETE: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un clube que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 1.3. ao 1.6, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.7.- Inscrición na LIGA GALEGA INFANTIL: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 10 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un clube que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 1.3. ao 1.6, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.8.- Inscrición na LIGA GALEGA ALEVIN: deberá acompañarse coa tramitación das licenzas de 1 directivo, 1 técnico e, polo menos, 8 deportistas. (Se se realizase a inscrición dun equipo pertencente a un clube que tamén realizase inscrición á Liga Galega Absoluta e/ou Xuvenil de acordo aos puntos 1.3. ao 1.6, poderá non facerse a licenza do directivo e o técnico, aínda que deberán figurar no impreso de inscrición).

1.9.- Poderán incorporarse xogadores á relación inicial sinalada nos puntos anteriores sen límite de xogadores. As inscricións de novos xogadores deberán acompañarse coa tramitación da correspondente licenza, debendo realizarse dito trámite con, polo menos, 10 días naturais de antelación ao primeiro partido que poida disputar na categoría / liga para a que foi inscrito.

1.10.- Un xogador pode estar inscrito e participar, simultaneamente, na categoría absoluta, categoría cadete, categoría infantil e categoría alevín co único requisito da idade indicada para estas últimas categorías

1.11.- No caso de non haber unha LIGA GALEGA FEMININA, as mozas poderán xogar nas ligas masculinas co

único requisito da mesma idade indicada para cada categoría.

2.- FÓRMULA DE COMPETICIÓN.

2.1.- A competición desenvolverase tomando como modelos os distintos Sistemas de Competición (excepto a Liga Absoluta Masculina, ver punto 3.). O Sistema de Competición determinarase en función do número de equipos inscritos.

2.2.- Duración dos partidos:

Liga Absoluta Masculina: cada tempo durará 8 minutos.

Liga Absoluta Feminina: cada tempo durará 6 minutos.

Liga Cadete: cada tempo durará 7 minutos.

Liga Infantil: cada tempo durará 6 minutos.

Liga Alevín: cada tempo durará 3 minutos.

2.3.- Cando se enfronten 2 clubes con categorías inferiores, estas poderanse agrupar sempre que estean de acordo ámbolos clubes. Para iso remitirémonos ao punto 1.2 da Normativa Xeral de Wáter-polo que di que todos os clubes terán que poñelo en coñecemento da FEGAN. Agruparán na mesma xornada 2, 3 ou 4 competicións, entre as categorías Alevín, Infantil, Cadete e Absoluta (Masculina e Feminina) xogando os partidos un tras outro.

3.- LIGA GALEGA ABSOLUTA MASCULINA DE WÁTER-POLO.

3.1.- Para a participación na 1ª División Galega, será indispensable ter polo menos un equipo participando en competicións galegas de categorías inferiores.

Establécense dúas categorías: Primeira e Segunda División Galega.

3.2.- **Primeira División Galega**: estará formada por un número de equipos (5 ou 6) dependendo dos equipos inscritos na Liga Absoluta. Estará formada polos equipos que quedaron clasificados en ditas posicións na tempada 2010-2011.

3.3.- A fase regular xogarase polo sistema de Liga, todos contra todos a dobre volta.

3.4.- Disputarase un Play-off final para determinar a clasificación do 1º ao 4º. O sistema de xogo deste Play-off será 4º contra 1º e 3º contra 2º (ao mellor de 3 partidos, xogándose o último partido e se fose necesario o terceiro no campo do mellor clasificado na liga regular). Con cruces entre campión para determinar o 1º e 2º posto e entre perdedores para determinar o 3º e 4º posto (ao mellor de 3 partidos, xogándose o último partido e se fose necesario o terceiro no campo do mellor clasificado na liga regular).

3.5.- A composición da 1ª División para a temporada 2012-2013 será establecida en función dos equipos participantes durante a temporada 2011-2012, quedando establecido un número fixo de equipos que participaran nesta categoría (5 ou 6).

3.6.- Os dous primeiros clasificados terán dereito a participar na 3ª División Nacional, salvo indicación contraria da normativa RFEN.

3.7.- No caso de non rematar a competición de liga territorial antes do prazo de inscrición para o Campionato de 3ª División, os equipos que terán dereito a participar serán os dous primeiros clasificados da fase regular da Liga Galega de 1ª División da presente tempada e no caso de que esta non rematase, serán os primeiros clasificados da tempada anterior.

3.8.- **Segunda División Galega**: estará formada por:

- Equipos que non se clasificaron para a 1ª División Galega.
- Equipos filiais.

3.9.- A fase regular xogarase por sistema de Liga, todos contra todos a dobre volta.

3.10.- Disputarase un Play-off final para determinar a clasificación do 1º ao 2º. O sistema de xogo deste Play-off será 2º contra 1º (ao mellor de 2 partidos, xogándose o segundo partido no campo do mellor clasificado na liga regular). No caso de empate dos equipos en número de vitorias, seguiranse os seguintes criterios:

- O mellor clasificado será o equipo que teña unha maior diferenza de goles.
- O mellor clasificado será o equipo que marque maior número de goles.
- No caso de persistir o empate, realizarase una quenda de penaltis.

3.11.- A composición da 2ª División para a seguinte tempada será establecida en función dos equipos participantes durante a temporada 2011-2012, quedando aberta a os equipos que desexen participar en esta categoría.

4.- Ascensos e descensos.

4.1.- No caso de ascenso á categoría nacional dun clube galego, terá opción de manter un equipo en 1ª división galega a temporada seguinte, ou ben renunciar a dita categoría e participar na 2ª división galega. Se se producise dita renuncia ocuparía a nova vacante en 1ª división galega o equipo que a tempada anterior participara na promoción de ascenso a 1ª división e non o conseguise.

4.2.- O último clasificado de 1ª División e o primeiro clasificado da 2ª División, xogarán a promoción ao mellor de 2 partidos, xogando o último partido no campo do equipo que xogaba en 1ª División. No caso de empate, en canto a número de vitorias entre os equipos, seguiranse os seguintes criterios:

- O mellor clasificado será o equipo que teña unha maior diferenza de goles.
- O mellor clasificado será o equipo que marque maior número de goles.
- En caso de persistir o empate, realizarase unha quenda de penaltis.

4.3.- Se o primeiro clasificado da 2ª División fose un filial, a praza de promoción de ascenso pasaría ao segundo clasificado e así ata poder xogar dita promoción o terceiro clasificado. No caso de que os tres primeiros clasificados fosen filiais, non habería promoción a 1ª División.

4.4.- No caso de descenso dun equipo participante en competición nacional a liga territorial, dito equipo ocuparía praza a tempada seguinte en 1ª división territorial, de forma que o último clasificado de 1ª División descenderá a 2ª, o penúltimo clasificado de 1ª División e o primeiro de 2ª División, xogaran a promoción.

5.- Calendario e horarios.

5.1.- As ligas comezarán nas datas establecidas no calendario de Wáter-polo para a presente tempada, e desenvolveranse conforme a dito calendario.

5.2.- O sistema de puntuación será o recollido na normativa xeral.

5.3.- O tempo de cortesía, por se houbese atraso dalgún dos participantes, será de 30 minutos contados a partir da hora de comezo sinalada.

5.4.- O calendario de Liga Galega Absoluta axustarase en función do Campionato de España de Wáter-polo de 3ª División. Os equipos que representen a Galicia no Campionato de España de Wáter-polo de 3ª División serán o gañador da Liga Galega Absoluta de Wáter-polo do presente ano e o subcampión. No caso de que a RFEN modifique a data do Campionato de España de Wáter-polo de 3ª División unha vez que a Liga Galega xa estea empezada e sexa celebrado antes de que esta finalice, irán os dous primeiros clasificados da fase regular da Liga Galega de 1ª División da presente tempada e en caso de que esta aínda non rematara, serán os dous primeiros clasificados da tempada anterior.

5.5.- Os equipos que representen a Galicia nos Campionatos de España de Wáter-polo por clubes Infantil e/ou Cadete, serán os gañadores das súas respectivas Ligas Galegas do presente ano, polo que estas ligas deberán rematar antes de que se celebren os respectivos Campionatos de España. Respecto ao Xuvenil, será o vencedor do Campionato Galego Xuvenil.

6.- Obrigas dos equipos.

6.1.- A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes polo menos 30 minutos antes da hora fixada para o comezo dos partidos.

6.4.- Os árbitros dos partidos serán designados pola FEGAN que se encargará do pagamento do desprazamento e aloxamento caso de ser necesario. O clube local pagará a cota de arbitraxe correspondente a cada árbitro e

os auxiliares de mesa.

6.5.- Os delegados de cada equipo, que deberán estar en posesión da Licenza Deportiva en vigor para a tempada, deberán entregar na secretaría da competición a relación de licenzas dos deportistas que van participar, e que se achará en poder de devandita Secretaría ata que os Árbitros do partido dean por finalizado o mesmo e as actuacións que consideren oportunas.

6.6.- O equipo anfitrión indicará á Secretaría da competición, antes do inicio do partido, quen é o DELEGADO DE CAMPO.

6.7.- O equipo anfitrión deberá dispor de actas, 3 cronómetros e as bandeiras de sinalización, e disporá conforme ás obrigacións que se especifican no Regulamento Xeral. (Sen prexuízo do anteriormente especificado, o equipo arbitral disporá sempre de actas para os partidos e chifres).

7.- TÍTULOS E PREMIOS.

7.1.- O título de campión de liga obterao aquel que obteña máis puntos de acordo có sistema de puntuación da normativa xeral (Libro IV das Competicións, artigos 21 e 22).

7.2.- Entregaranse trofeos aos campións de cada liga.

A Coruña, 8 de Xullo de 2011

Secretaría Xeral FEGAN